

## NORMAS DE CUMPRIMENTACIÓN

- 1.- Rogamos cumprimenten tódolos datos de identificación do Centro Educativo. É importante nomear un **profesor encargado** a efectos de recibi-lo material no centro e distribuílo ós ciclos respectivos.
- 2.- No cadro correspondente á información sobre a participación do Centro no Programa, cómpre coñecer:

### ALUMNOS

- **Nº de Alumnos total** cos que conta o centro (cubrir no apartado de datos de identificación). Asimesmo, é imprescindible cubri-la casilla correspondente a Alumnos do Centro en cada unha das etapas. Na Educación Infantil inclúranse nenos de 3 a 5 anos. No caso da Educación Primaria, facilitarase o dato por Curso ou Ciclo.
- **Nº de alumnos que van traballa-los materiais didácticos.** No caso de que nalgún ciclo de Primaria exista máis dun aula nun mesmo curso e só traballe unha o material, especificar o número de alumnos que van traballar nese curso na casilla de Nº de alumnos programa, e o total de alumnos do Curso na casilla de Nº Alumnos Centro.

#### Exemplo:

1º Ciclo 1º Curso: 3 aulas cun total de 60 alumnos, dos que só 20 van traballar. Nas casillas constará 20 alumnos no programa e 60 alumnos do 1º Ciclo 1º Curso.

1º Ciclo 2º Curso: 2 aulas con 40 alumnos, só traballan 20. Na casilla de nº alumnos programa notificáranse os 20 alumnos e na casilla de Nº Alumnos Centro, notificáranse os 40 totais do 1º Ciclo 2º Curso.

Igualmente para a etapa de INFANTIL, na casilla Nº Alumnos Centro notificáranse o total de alumnos de 3 a 5 anos, e na casilla Nº de Alumnos Programa, só os nenos que traballen, ben sexan só os de 5 anos ou máis. Se ben o material está deseñado para traballar cos nenos de 5 anos, pódese adaptar ás outras idades.

### PROFESORES

- **Nº de Profesores** cos que conta o centro (**persoas distintas**) incluídos os especialistas, cubrirase nos datos de identificación do Centro Educativo.
- Notifícase o nº de profesores que estean a traballar en cada ciclo, aínda que unha persoa dea en distintos ciclos como pode se-lo caso da Primaria.

### 3.- SOLICITUDE DE MATERIAL

- Nos casos de Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria (ESO), cada neno conta cun caderniño, solicitaranse pois **tantos caderniños como nenos traballen o material**.
- Poderase utilizar o material de ESO para adaptalo aos alumnos de ciclos formativos e Garantía social, poidendo solicitar igualmente tantos cadernos como alumnos vaian traballalo.

## A SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEIXASE A CRITERIO DO PROFESOR/A